

Benvidos amigos e amigas.

Saudámosvos fraternalmente, agradecidos, e dámosvos a benvida en nome do Consello Directivo da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega a este acto que celebra a Rosalía, a nosa poeta nacional, que é a celebración do noso idioma e da nosa literatura. Mais tamén é moito máis.

Coma todos os anos reivindicamos que este lugar sexa laico e de acceso público e cun uso de propiedade pública. Con accesibilidade para que os nosos e as nosas escolares poidan vir a lle traer flores e lle cantar.

Enviámos convite a todos os concellos e a todos os centros escolares do país para celebrarmos a súa obra léndoa. Temos o dereito e o deber de pedir o aceso dos escolares a este lugar, que é símbolo onde mora quen soubo derrotar a desesperanza.

A súa obra non só, e nada menos, fixa as inquedanzas dunha muller do seu tempo que vai máis alá do seu tempo. A súa obra transcende o seu tempo e dálle voz á nosa cerna, a aquilo que nos define aos galegos como construtores dunha cultura nun idioma nunha terra concreta. Por isto é tan actual. Porque soubo ler os máis íntimos segredos da alma humana, aquela que os Galegos e Galegas soubemos achegar de noso como singular ao conxunto da humanidade

Neste lugar onde vimos a lle traer flores como llas levamos aos seres queridos porque, non esquezamos, que é a muller que camiñou as rúas desta cidade coma un dos lugares onde construíu a súa humana biografía, é a muller que amou e foi amada que viviu a súa vida de a diario, a muller que acolleu á escritora xenial, coa calidade de alma de aquela a quen obrigaban as dores alleas que fixo as propias dores. Coa capacidade de ser vulnerada pola ledicia de vivir esta terra, pola dor que lle producían os panos saudadores do adeus.

Ela que fixo propia a ledicia, a máis alta alegría do canto popular, denunciaría aquí, hoxe, as mesmas inxustizas que a obrigaron a traballar coa palabra creadora ao tempo que vivía nela as súas propias verdades vitais de muller nun tempo cheo de beixos de adeus.

Por isto é tan determinante a percepción que o noso pobo teña de Rosalía. Coñecer a Rosalía é coñecer a historia do propio país. Rescatala da manipulación e do ocultamento, que sexa coñecida e valorada, significará que somos un pobo que se coñece a si mesmo, que sabe cales son as causas que non nos permiten vivir do propio traballo na propia Terra que humanizamos para poder producir os nosos propios alimentos. Unha terra abençoada

pola fertilizade, un mar de fartura do que vén o pan e tantas veces a morte, que de xeito rebordantemente humano ela cantou.

Lela significa coñecer as aínda hoxe inxustizas que teiman en nos querer expropiar a dignidade como galegos. Inxustizas que non nos permiten exercer o dereito a nacer, vivir, amar e morrer na propia terra: seguimos a padecer o drama da mesma emigración do tempo da nosa poeta baixo novas formas edulcoradas.

A poesía de Rosalía asenta os alicerces dende onde atopar solucións para que a nosa historia avance, que nos permita aos Galegos e Galegas sermos como nos soñamos.

Nun dos poemas de máis altura da literatura universal, Curros enuncia a estrela que Rosalía levaba na fronte, a estrela que é guía aínda hoxe para o noso devir.

Afortunados os Galegos e Galegas por termos unha muller como referente fundacional da nosa literatura. Por todo isto: *Eu son Rosalía porque a cerna feminista da súa obra abriu tamén aos homes camiños de esperanza, nos que poderemos construír un mundo novo na Nosa Terra. Eu son Rosalía porque a súa obra nos axudará aos homes a desaprender tanto pasado inerte que será cinzas só fría cinzas que levará o vento da historia.*

*Día de Rosalía de Castro*

*Panteón de Galegos Ilustres, Santiago de Compostela, a 22 de febreiro de 2015*

*Cesáreo Sánchez Iglesias, presidente da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega*